

**ACTA**

<b>Expediente núm.</b>	<b>Órgano colexiado</b>
PLN/2026/2	O Pleno
<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	

**Tipo Convocatoria:** Extraordinaria

Motivo: «APROBACIÓN DOS ASUNTOS INCLUÍDOS NA ORDE DO DÍA A CAL NON PODE DEMORARSE ATA A CELEBRACIÓN DO SEGUINTE PLENO ORDINARIO»

**Data e hora:** 29 de xaneiro de 2026 ás 20:00

**Lugar:** SALÓN DE PLENOS

**Presidida por:** FRANCISCO CALO ABELLEIRA

**Secretario:** GUILLERMO JOSÉ FERNÁNDEZ LÓPEZ

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
<b>Núm. de identificación</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
78792417Y	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SÍ
45961024D	ANXO NUÑEZ FERNANDEZ	SÍ
78797031C	Andrés Castro Abelleira	SÍ
44843850Z	CARLOS LEIS PEDROSA	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
79327212M	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
78787194G	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
33265012C	JOSE ANTONIO CAAMAÑO LESTON	SÍ
79327861X	JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
78793193T	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ
33260032P	MARIA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
33277711T	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

<b>A) PARTE RESOLUTIVA</b>
<b>Expediente 1152/2025. Subvencións Solicitadas a Outra Administración</b>



<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 9, En contra: 0, Abstencións: 4, Ausentes: 0

Por parte do sr. alcalde dase lectura a proposta de acordo, ditaminada pola comisión de servizos, que ten o seguinte teor literal:

*“O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data do 28 de novembro de 2025, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2026”, que se destina aos 93 concellos da provincia, as cales foron publicadas no BOP n.º: 231, do 02/12/202.*

*No apartado 2.1 das citadas bases permite adicar ao financiamento dos gastos correntes dos servizos básicos municipais, tanto a achega provincial de 2026 como a de 2025.*

*Na circular do Servizo de Plans da Deputación recolle unha asignación de fondos a este concello por un importe de 706.855,57 €.*

*Polo exposto, propoño ao Pleno des Corporación, a adopción do seguinte:*

**ACORDO:**

1.- *“Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2026”** da Deputación Provincial da Coruña\*\*,\*\* cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2026” e con cargo á “achega provincial 2025”:*

**A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2026:**

	<b>Deputación</b>
<i>Achega provincial 2026 aplicada ao financiamento de gastos correntes</i>	343.032,85 €
<i>Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes</i>	363.822,72 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>706.855,57 €</b>

**B ) Financiamento de investimentos:**

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2026</b>	<b>FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO</b>
-----------------------------------	--------------------------------------



<b>Denominación da obra ou da subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>			<b>Orzamento total</b>
		<b>Achega municipal</b>	<b>IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)</b>	<b>Total Concello</b>	
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2026</b>	0	0	0	0	0
<b>ACHEGA PROVINCIAL 2025 (Investimentos financeiramente sostibles)</b>	<b>FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO</b>				
<b>Denominación da obra ou da subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>			<b>Orzamento total</b>
		<b>Achega municipal</b>	<b>IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)</b>	<b>Total Concello</b>	
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2025</b>	0	0	0	0	0

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

### C) Resumo:

		<b>Concello</b>			
<b>POS+ 2026 RESUMO DE FINANCIAMENTO</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>IVE soportado deducible</b>	<b>Total concello</b>	<b>Orzamento</b>



		ón	lo	(só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	o	Total
<b>A- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2026</b>	343.032,85 €				343.032,85 €
	<b>Achega 2025</b>	363.822,72 €				363.822,72 €
<b>B- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2026</b>	0				0
	<b>Achega 2025</b>	0				0
<b>C- TOTAL</b>	<b>Achega 2026</b>	343.032,85 €				343.032,85 €
	<b>Achega 2025</b>	363.822,72 €				363.822,72 €
	<b>TOTAL</b>	<b>706.855,57 €</b>				<b>706.855,57 €</b>

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2026 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2026)</b>	<b>(A) Orzamento de contrata €</b>	<b>(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)</b>	<b>(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)</b>
---	--	---	---

Acceso a Toxeira e Villardigo e outros	85.723,77	0	85.723,77
Varios núcleo de Sacido e outro	77.950,75	0	77.950,75
Varios núcleo da Penseira e outros	94.401,14	0	94.401,14
Varios núcleo de Esperante e outros	91.706,62	0	91.706,62
Mellora vial Cristo dos Pombeiros e outro	93.398,83		93.398,83
Varios núcleo de Vilar de Outes	68.005,78	0	68.005,78
<b>TOTAIS</b>	<b>511.186,89 €</b>	<b>0</b>	<b>511.186,89 €</b>

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+2026 Base, se a houbera, procedentes dos propios recursos presupostarios ordinarios do concello ou de ingresos procedentes de operacións de crédito con entidades financeiras.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Inicia o debate a voceira de Compromiso Outes, a sra. Quintela Vilariño,



senalando que é unha proposta do goberno e non teñen moito que engadir, pero reprocha a contradición do goberno municipal por destinar agora fondos a gastos correntes, recordando que no pasado criticaban á oposición por propoñer o mesmo.

De seguindo intervén o voceiro do BNG, o sr. Núñez Fernández, apoiando a proposta porque as obras coinciden cos seus propios plans de mantemento, aínda que lamenta que non se inclúan actuacións específicas de auga e saneamento tras a recente aprobación das auditorías onde se advertían deficiencias en ambos sistemas. Agradece a achega da Deputación, considerándoa vital para que os concellos pequenos manteñan as súas estradas e saian adiante.

Intervén o sr. alcalde defendendo que as prioridades de auga xa se están a atender.

Finalizado o debate sométese o punto a votación, quedando aprobado por **MAIORÍA ABSOLUTA**, cos votos favorables dos grupos municipais do PP+BNG+Concelleiro non adscrito, e a abstención de Compromiso Outes.

<b>Expediente 1151/2025. Bonificación ou Exención Tributaria</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

Da lectura á proposta, ditaminada pola Comisión especial de Contas, a sra. Concelleira Molinos Vidal, co seguinte teor literal:

*“Visto que a Asociación de discapacitados da bisbarra de Muros (ADISBISMUR) presentou en data 02/12/2025 (n.º de r.e. 2025-E-RE-2257) solicitude de bonificación para a obra de substitución de fiestras do centro ocupacional de Valadares.*

*Considerando que a mencionada entidade é unha asociación sen ánimo de lucro que desenvolve unha labor esencial de integración social, formativa e laboral de persoas con discapacidade na nosa bisbarra, cuxas actividades enraízan directamente cos obxectivos de benestar social deste Concello.*

*Polo anteriormente exposto, facilitar a adecuación das súas instalacións mediante beneficios fiscais permite que a entidade poida destinar maiores recursos económicos aos seus programas de formación e emprego, redundando nun beneficio directo para os veciños e veciñas con discapacidade.*

*Visto o anteriormente recollido, e considerando os informes técnicos incorporados ao expediente, elévase ao Pleno da Corporación para o seu estudo,*



debate e votación a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

**Primeiro.-** Declarar de especial interese e utilidade municipal as obras de substitución de ventás instadas por ADISBISMUR, dada a natureza social da entidade e o fin ao que se destina o inmovible.

**Segundo.-** Conceder unha bonificación do 95 por cento na cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) para o proxecto presentado.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo á entidade interesada e aos servizos económicos municipais para a súa execución e efectos oportunos.”

Intervén a voceira de Compromiso Outes, aproveitando a súa intervención para felicitar a Adisbismur por ter logrado recentemente que por fin poidan construír unha futura residencia no antigo colexio do Cruceiro de Roo, recoñecendo os seus anos de loita polas persoas con discapacidade.

Por parte do voceiro do BNG súmase ás felicitacións a Adisbismur polo seu traballo social indispensable e polo proxecto da súa residencia, o cal conta co apoio unánime. Confirma o seu voto favorable á bonificación das obras por ser de claro interese público.

Intervén a sra. Molinos, aclarando que o punto que se está a votar non trata sobre a futura residencia no Cruceiro de Roo, senón exclusivamente sobre as fiestras das instalacións que Adisbismur xa ten no concello, en Valadares, para evitar calquera dúbida.

Intervén a voceira de Compromiso Outes, agradecendo a aclaración pero indicando que era innecesaria.

Finalizado o debate sométese o punto a votación, quedando **APROBADO POR UNANIMIDADE DOS (13) MEMBROS PRESENTES.**

<b>Expediente 59/2026. Rexistros Públicos (Creación, Modificación ou Supresión)</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 9, En contra: 0, Abstencións: 4, Ausentes: 0

Por parte do sr. alcalde dase lectura á proposta, ditaminada pola Comisión de Servizos, co seguinte teor literal:

*“ Considerando que os terreos anexos ao Pavillón Deportivo do Cruceiro de Roo están cualificados como Dotacional (Docente e Deportivo).*



*Tendo en conta que para o antigo colexio público CEIP do Cruceiro de Roo xa foi cambiado o seu uso para sanitario - asistencial e feita unha cesión á Asociación Adisbismur para darlle un uso de residencia para persoas con diversidade funcional.*

*Considerando que neses terreos non se está a facer ningunha actividade e están infrutilizados.*

*Tendo en conta ademais o aumento dos tramos de poboación maior que cada vez teñen mais necesidades asistenciais e considerando dende o concello que é preciso actuar no apartado do envellecemento activo para mellorar a calidade de vida dos nosos maiores, ponse de manifesto o interese de darlles un novo uso dotacional aos anteditos terreos para sanitario-asistencial co fin de complementar calquera necesidade arredor da edificio do antigo colexio público do Cruceiro de Roo e dos programas de envellecemento activo do Concello.*

*Vistos os informes técnicos e xurídicos incorporados ao expediente, así como o resto da documentación obrante no mesmo, sométese a consideración do Pleno da Corporación para o seu estudo, debate e votación a adopción do seguinte*

### **ACORDO**

**Primeiro.-** *Aprobar o cambio de uso da parcela con número de referencia 6313001NH0461S0001XG, na súa zona norte e segundo a planimetría recollida nos documentos técnicos incorporados ao expediente (CSV 5XW5TJLQMZRC2NKRWWWKTJRQ9), pasando de uso deportivo (DPX-2) a sanitario-asistencial (SAX) quedando do seguinte xeito:*

*- uso docente (DCX-3) cunha superficie de 10.828,00 m2.*

*- uso sanitario-asistencia (SAX) cunha superficie de 4.500,00 m2.*

**Segundo.-** *Dar traslado do acordo que se adopte aos departamentos municipais de Urbanismo e Secretaría co gallo de incorporar este cambio de uso aos instrumentos de ordenación que proceda cando se redacten modificacións ou revisións do planeamento vixente.*

**Terceiro.-** *Publicar o presente acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da provincia, así como comunicalo á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, a efectos da súa inclusión no Rexistro de Planeamento de Galicia.*



**Cuarto.-** *Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación do presente acordo."*

Iniciase o debate por parte da voceira de Compromiso Outes, reiterando unha pregunta feita na comisión, cuestionando se existe algún proxecto futuro concreto para esa parcela ou por que xorde a necesidade de facer o cambio neste preciso momento.

De seguido intervén o voceiro do BNG, criticando a falta de transparencia e xustificación do cambio de uso, xa que o terreo está separado do proxecto de Adisbismur. Pide explicacións detalladas sobre se o goberno ten en mente un proxecto específico de residencia ou servizos sociais para ese lugar, prometendo o seu voto a favor se se lles aclara o propósito.

Intervén o sr. alcalde indicando que actualmente non hai ningún proxecto pechado nin compromiso, pero subliña que este cambio de uso é un primeiro paso imprescindible para poder solicitar futuros investimentos a administracións como a Xunta. Critica á oposición por proxectos irrealistas do pasado e defende que é unha medida proactiva para estar preparados por se xurden oportunidades de facer algo na parcela.

Intervén novamente o voceiro do BNG criticando o secretismo inicial do alcalde por non ter dado esa explicación na comisión informativa. Non obstante, acepta a xustificación, confirma o seu voto favorable e agarda que este paso sirva para materializar un proxecto real no futuro.

Finalizado o debate, sométese o punto a votación, quedando **APROBADO POR MAIORÍA ABSOLUTA**, cos votos favorables dos grupos municipais do PP+BNG+Concelleiro non adscrito, e abstención do grupo municipal de Compromiso Outes.

E, non habendo mais asuntos que tratar, polo Presidente levántase a sesión sendo as 20:17 horas, de todo o cal, como Secretario, dou fe.

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

